

XXV ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA ECONOMÍA, LINGUA E SUSTENTABILIDADE

CURRÍCULOS

FRAN DA LOBEIRA. A LOBEIRA TODAY

Son Fran polo meu avó paterno e da Lobeira porque é a “illa” de paz e tranquilidade na que habito situada na parroquia de Santa Mariña do Monte, no Concello de Sansa, San Sadurniño se non sodes de preto... Diría que son neofalante, mais como non gusto desa etiqueta, prefiro dicir que son galegofalante dende finais do ano 2017, cando tiña 39 anos.

Aínda que non me dedico profesionalmente a isto, diría que a miña paixón a día de hoxe é crear contido en liña na nosa lingua, tratar de colaborar con outras persoas para darlles difusión aos seus proxectos, visibilizándoos nas redes mediante automatismos dixitais, axudándolles a facer programas ao vivo ou mesmo dando charlas sobre novos xeitos de creación dixital en liña.

Creo contidos dixitais dende 2011, cando comecei a escrita do blog persoal *Vivo na Lobeira*. A miña actividade naquela bitácora foi decaendo ata que en 2016 marchei 3 anos destinado a Brunssum, unha pequena localidade dos Países Baixos, e movido por morriña e algo de carraxe do tipo: ‘el gallego no es una lengua, es un dialecto’ creei a canle de Instagram *A Lobeira Today*, na que mantiven un videodiario entre febreiro de 2017 e marzo do 2018, cando xa cobraba máis importancia a canle de YouTube.

Esta naceu o día de santa Lucía, o 13 de decembro de 2017, coma se fose premonitorio e xa daquela soubese que a miña esposa, Lucía, íase transformar nunha absoluta santa que aguantaría todas as miñas charlas, ledicias e frustracións dende entón. Coa *Lobeira Today* teño participado en distintos certames, sendo finalista en algún varias veces e en distintas categorías. E aínda non resultando gañador, levei o mellor dos premios, o da xente, cando varias persoas creadoras de contidos agradeceron publicamente no escenario o meu traballo e a miña achega á rede con proxectos como “As 50 do YouTube galego”, unha lista mensual das canles máis potentes en creación de contido en galego que ademais vén de cumprir o pasado maio dous anos de vida.

Na actualidade, *A Lobeira Today* veu dar nunha miniprodutora amadora de programas en liña, con presenza en 5 das 6 redes sociais máis usadas, con máis de 6000 seguimentos entre todas elas e 8 programas en directo diferentes. Con máis de 14 persoas colaboradoras e tal transformación, inspira o último slogan da canle: “A Lobeira today, a canle de canles para unha inmensa minoría”.

Recentemente, a nivel individual, participei na creación da Asociación Cultural Obradoiro Dixital Galego, da son presidente provisional e que nace para agrupar as persoas creadoras de contidos en liña na nosa lingua, cultura de base necesaria para prestixiar o galego. Deste xeito, únense por fin as comunidades de Podgalego, Twitch en galego e YouTube en galego.

NICOLÁS CARREIRA PENA. CAFÉ DERBY 21

Graduado en Xornalismo na USC e con Mestrado en Comunicación Política, Novos Xornalimos e Sociedade do Coñecemento na UV, ademais de formado en Marketing Dixital e SEO polo Clúster TIC Galicia e Cultura Audiovisual polo CGAC.

Pasei pola redacción de *El Progreso* de Lugo e actualmente continuo como articulista no suplemento cultural “Táboa Redonda”, tamén editado *para Diario de Pontevedra*. De luns a venres, traballo como creador de contido e redactor creativo publicitario en Bysidecar, pero tamén podes atoparme en eventos como a gala dos premios COAG, na cal fun presentador en 2023. E, por suposto, o podcast Café Derby 21.

MIGUEL GUI SANTES ALONSO

Miguel Guisantes Alonso (A Guarda, 1991) é graduado en Lingua e Literatura Galegas pola Universidade de Santiago de Compostela (2018). Obtivo o título de Máster Interuniversitario en Lingüística Aplicada nesa mesma universidade (2019) cun traballo nomeado *A normalización da lingua galega no sector do turismo*.

Posteriormente cursou o Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas na Universidade da Coruña (2020).

No pasado traballou como técnico de Normalización Lingüística no Concello de Ferrol e como profesor Lingua Galega e Literatura no ensino secundario e na EOI.

Actualmente está contratado como investigador predoutoral no Instituto da Lingua Galega e traballa no seu proxecto de tese, *Identidade e cambio lingüístico na mocidade*, baixo a tutela de Elisa Fernández Rei, que se encadra no proxecto *Contacto, cambio lingüístico e ideoloxía en contextos de minorización lingüística*.

XOÁN ANTÓN PÉREZ LEMA

Avogado en exercicio dende 1990, con especial experiencia en Dereito Societario, Concursal, Mercantil e Administrativo. Foi profesor de Sistema Político Galega na Universidade de Vigo (2000-2001) e de Dereito Administrativo na Escala de Práctica Xurídica do Colexio de Avogados (1995-1999) d' A Coruña e profesor da Escala Galega de Administración Pública (EGAP) a funcionarios de entidades locais (1999-2001).

- Licenciado en Dereito e Letrado Asesor de Empresas pola Universidade Pontificia Comillas de Madrid (UPC-ICADE). Cursou estudos de doutoramento

na Universidade de Santiago de Compostela ("Dereito Público Galego e Comunitario Europeo")

- Secretario Xeral de Relacións Institucionais da Vicepresidencia da Xunta de Galicia (novembro 2007-abril 2009) e, durante esa tempada e na devandita calidade, secretario das Comisións Mixtas de Transferencias e Bilateral Administración do Estado-Xunta de Galicia. Foi xefe do Gabinete Técnico da Consellaría da Presidencia e Administración Pública da Xunta (1987-1990).

- Secretario xeral do Club Financeiro Atlántico da Coruña e vogal da súa Xunta Directiva. Membro fundador do Instituto Galego de Estudos Europeos e Autonómicos (IGEA), onde desenvolveu o cargo de vicepresidente e agora de secretario xeral. Secretario Xeral de varias asociacións empresariais e de varios consellos de administración de sociedades mercantís.

- Relator da área da Administración de Xustiza no Foro "Novo Estatuto" (2004-05). Autor de moi variados artigos xurídicos sobre o réxime das corporacións locais, estudo comparado da regulación das competencias de xustiza e da Administración de Xustiza nos últimos Estatutos e proxectos de Estatutos autonómicos e sobre a división provincial e a organización territorial de Galicia.

- Profesor de "Internacionalización da Empresa Galega" no programa --Máster en Asesoría Xurídica" do IFFE n' A Coruña de 2010 a 2015.

- Membro correspondente do Instituto José Comide de Estudos Coruñeses desde 2016. Membro da Sección de Pensamento do Consello da Cultura Galega dende novembro de 2021. Fundador e actual Secretario Xeral da Asociación de Consumidores e Usuarios de Galicia (ACOUGA).

- Autor do libro *Quando grupos vulnerábeis forem feridos: a figura jurídica dos crimes de ódio*. Editorial Através, 2020, baixo a dirección editorial de Teresa Moure.

- Autor dos artigos:

A. "A tensión entre as tendencias demócrata-progresista e a conservadora-tradicionista no ideario político, económico e xurídico da Xeración Nós (1916-1936)", artigo conmemorativo do Centenario da Xeración Nós no nº 44 da revista *Raigame* (Ourense, xuño 2020).

B. "O brexit e a continuidade de Escocia, Irlanda e Gales no Reino Unido", artigo na revista "Nós no mundo; a paradiplomacia galega na nova normalidade", editada polo Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI). Pontevedra, 2019-2020.

C. "O que máis mira menos ve. A identidade e o autogoberno galegos no pensamento de Salvador de Madariaga", Revista do Instituto José Comide de Estudos Coruñeses, nº 2, 2ª época. A Coruña, 2021.

D. "Unha nación de noso. A construción do relato da Nación e o Estatuto de Galicia de 1981". *Revista Grial*, nº 231. Vigo, setembro 2021.

- Foi colaborador de *La Voz de Galicia*, *Radiovoz*, *Xornal de Galicia* e TVE. Na actualidade, colabora coa Radio Galega e a TVG, *El Correo Gallego*, revistas *Luzes* (da que fai parte do seu Consello Editorial), *Gama*, *Contraposición*, *Nós Diario*, *Praza Pública*, *La Región*; os xornais do Grupo Progreso (*El Progreso de Lugo*, *Diario de Pontevedra* e *Galiciaé*); xornais da Editorial La Capital (*El Ideal Gallego* e *Diarios de Ferrol*, *Arousa* e *Bergantiños*); *Mundiario*, *Elnacional.cat*, así como con diversas publicacións locais e comarcais e revistas xurídicas e económicas.

SARA SECO RIAL

Valga, 1993. Graduada en Ciencia Política e Administración Pública e traballadora da Mesa pola Normalización Lingüística.

Creadora de contido dixital, na súa conta de TikTok @SaraSecoRial máis de 12.500 persoas seguen o seu día a día.

Activista lingüística desde a adolescencia.

ANXOS SOBRÍÑO

O Rosal, 1971.

É licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Realizou unha memoria de licenciatura sobre a entoación do galego do Baixo Miño, baixo a dirección do profesor Xosé Luís Regueira, e foi bolseira no Instituto da Lingua Galega, onde traballou no proxecto Tesouro Informatizado da Lingua Galega, dirixido polo profesor Antón Santamarina.

No ámbito da normalización lingüística, traballou como técnica de normalización lingüística no Concello do Rosal. Posteriormente, durante tres anos, ocupou un posto de tradutora intérprete na Dirección Xeral de Xustiza da Xunta e, desde o ano 2005, é técnica superior lingüista na Audiencia Provincial de Pontevedra.

Desde 2016 é presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL).

XOÁN CARBALLIDO PRESAS

Natural do Carballiño (Ourense –1958), reside actualmente en Seixalbo (Ourense). Na actualidade, exerce como enxeñeiro facultativo da Consellería do Medio Rural (Servizo de Infraestruturas Agrarias) en Ourense e é membro do Comité de Certificación e Calidade da Denominación Orixe Ribeiro.

Titulación Académica

- Enxeñeiro técnico en Explotacións Agropecuarias (Universidade de Santiago, 1980)
- Enxeñeiro técnico en Hortofruticultura e Xardinería (Escola Politécnica Superior da Universidade de Santiago, 2000)

- Máster en viticultura, enoloxía e marketing do viño (The International Social Science Council, 2004)

Outras actividades docentes e profesionais

- Docente no Máster Viticultura e Enoloxía (Universidade de Vigo) e no Máster en Xestión sustentable da terra e do territorio (Universidade de Santiago)
- Membro do Panel de Cata da Denominación de Orixe Ribeiro e da Asociación Galega de Catadores.

Altos cargos que desempeñou en órganos de goberno

- Director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias da Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia)
- Director xeral de Turismo e Termalismo do Concello de Ourense
- Director xeral de Rehabilitación Urbana do Concello de Ourense
- Conselleiro-delegado da Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galicia
- Conselleiro-vogal do Consello de Dirección do Fondo Galego de Garantía Agrícola

Actividades e colectivos na defensa e normalización do galego

- Forma parte do colectivo Galeguizar Galicia e da Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística.
- Membro do Foro Enrique-Peinador e co-fundador e coordinador da Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adegueiros (IRGADE)
- Membro da Asociación Álvaro das Casas e do xurado dos Premios Baceiros de Prata que outorga cada ano a empresas agroalimentarias que etiquetan en galego.

PAULO RODRÍGUEZ

Paulo Rodríguez é o Director de Desenvolvemento e Comunicación de Dinahosting.

Licenciado en Filoloxía Portuguesa, formouse nas áreas de Pedagogía e Didáctica e de Administración e Xestión de Empresas. Anteriormente, exerceu como Responsable de Comunicación de Dinahosting, a onde chegou no ano 2007.

Participa como relator en distintos posgraos universitarios do campo da Filoloxía e da Economía e a Empresa. Tamén acredita na inutilidade do sufrimento humano.

EMI CANDAL

Responsable da Sectorial de Cultura de Espazocoop, xestora cultural, responsable da área de distribución en URDIME, S. Coop. Galega

A miña formación académica inclúe a licenciatura en Ciencias Matemáticas pola USC e vese acompañada do interese e correspondente formación en animación sociocultural na mocidade, e xa nos últimos anos a vinculada co coñecemento e participación en xornadas, encontros e seminarios arredor da xestión cultural, a responsabilidade social empresarial e o emprendemento, nomeadamente o desenvolto no entorno da economía social e en clave feminina.

A relación coa xestión cultural parte do ámbito asociativo na organización de festivais e eventos culturais en Cerceda, o lugar no que resido; é nese espazo no que coñezo a realidade dos proxectos culturais: as súas carencias, demandas e logros así como a ampla oferta cultural galega.

A miña experiencia profesional pasa polo mundo da educación nos centros de formación do profesorado e os traballos vinculados ó Instituto Nacional de Estadística, no que no ano 2014 solicito unha excedencia laboral para entrar a formar parte da cooperativa de traballo asociado: URDIME, S. Coop. Galega (<https://urdime.gal/>) da que son socia traballadora dende ese momento ata a actualidade, na que son presidenta da empresa sinalada e responsable da área de distribución de propostas culturais. Como tal formo parte activa de entidades que agrupan a representatividade do sector, tanto o que se refire ás cooperativas de traballo como ó sector cultural galego, como responsable da Sectorial de Cultura de Espazocoop e membro do seu consello reitor.

XOSÉ GARCÍA

Desde 2004 traballando no campo do deseño en distintas disciplinas (gráfico, dixital, produto, editorial e fotografía). Durante estes anos especialiceime en dar forma a proxectos multidisciplinares para produtos, empresas de diferentes tamaños e a administración.

Formación:

- EASD Mestre Mateo Grado, Deseño de Produto · (setembro de 2020 - xuño de 2021)
- EASD Mestre Mateo Diplomado, Deseño de Produto · (2007 - 2011)
- EASD Ramón Falcón Técnico Superior, Gráfica Publicitaria · (2002 - 2004)
- Universidade da Coruña Enxeñería Técnica Industrial, Electrónica Industrial · (1998 - 2000)
- IESP Monte de Conxo Técnico Especialista Superior, Electrónica de Comunicacions
· (1996 - 1998)

Experiencia:

- Theopendesk: comunicación desde xuño de 2022.
- Asociación Galega de Deseño: membro da Xunta Directiva desde 2018; presidente desde xuño de 2022.
- Piedrapapeltijera: director de arte, deseñador gráfico e coordinador de proxectos desde outubro de 2005.
- Hoteles tres estrelas S.L.: asesor externo (marzo de 2011 - agosto de 2013)
- Spain Hotels Group: asesor externo de estratexia de comunicación e responsable de deseño gráfico para o grupo.
- Chaxpert: responsable de deseño e imaxe para novos proxectos. Tarefas de deseño de interface e usabilidade de proxectos. Xestión do deseño e a imaxe corporativa aplicada aos diferentes elementos de comunicación de Chaxpert. Proxectos máis destacados: adaptación a nivel visual e de interface para INTECO e Toshiba Italia.
- Krissola Deseño: deseñador gráfico (outubro de 2004 - abril de 2005). Diferentes traballos de comunicación tanto no campo da identidade visual como de gráfica aplicada.

Recoñecementos

- 2022. Internacional Design Awards. Gold. Mellor deseño de produto
- 2022. Premios Anuaria. Anuaria-PROL de ouro. Mellor proxecto
- 2021. Premios Anuaria. Mellor sitio web
- 2018. Premios Paraugas. Mellor sitio web

BERNARDO PENABADE

Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela, complementou estudos na especialidade de Filoloxía Hispánica. Nese tempo, a mediados os 80, con Luís Poupariña, desenvolveu unha intensa actividade na comisión de cultura da Residencia Universitaria 'Burgo das Nacións', onde impulsou a convocatoria dun célebre Certame Literario que serviu para descubrir novos valores. Desde 1985, mantivo colaboración artística no sector audiovisual coa empresa Imaxe Galega en traballos encargados pola TVG. Ademais da sincronización e dobraxe de filmes e seriais televisivos, ocupouse da tradución de guións (especialmente de programas destinados ao público infantil).

Entre 1997 e 1998, foi colaborador habitual de *Volvoreta*, o suplemento do xornal *El Correo Gallego* para a comunidade universitaria de Compostela, onde publicaba noticias de libros e entrevistas a escritores galegos.

Tras un breve período de docencia no Colexio Paulo VI da Rúa de Valdeorras, foi profesor no Instituto Otero Pedraio de Ourense, en Bueu, Ortigueira e en Viveiro (IES 2003). Desde 2003 está destinado no IES Perdouro de Burela.

Participou en numerosos congresos con relatorios publicados sobre sociolingüística e didáctica. Traballos seus poden lerse na revista *Agália*, en *A Nosa Terra* e *Novas da Galiza*, como tamén nas actas de diversas reunións de carácter científico. Desde 1983 é membro da AGAL, entidade en que colaborou con diversas personalidades relevantes da cultura galega, entre elas Ricardo Carvalho Calero.

Integrante do consello directivo en diversas ocasións, resultou elixido secretario en 1996 e foi presidente no período 2001-2007, encabezando un movemento de integracionismo nun sentido integrador.

No campo da didáctica é o impulsor do "Modelo Burela de Planificación Lingüística", unha estratexia educativa en aplicación desde 2004.

GABRIELA GONZÁLEZ

Gabriela González Márquez é diplomada pola Universidade de Santiago de Compostela en Xestión Hostaleira. Conta ademais con formación en estudos de mercado, campo no que se especializou no Reino Unido cursando un máster sobre Distribución Alimentaria no Institute Grocery Distribution (IGD) de Londres e en Xestión de Eventos e Protocolo pola Escola INSA de Barcelona. Conta ademais con formación en Dirección en Responsabilidade Corporativa no Instituto de Empresa (IE) de Madrid e estudos do programa DEA (Dirección de Empresas Alimentarias) do Instituto Internacional de San Telmo. Recentemente, vén de finalizar o programa executivo de Corporate Excellence e Esade centrado en Dirección da Reputación, ESG, Marca e Comunicación.

Actualmente desenvolve a súa actividade profesional como directora de Sostibilidade e Comunicación Corporativa en Vegalsa-Eroski, compañía da que forma parte desde hai máis de dez anos. Xunto ao seu equipo, lidera e executa as estratexias de Responsabilidade Social Empresarial da empresa centradas en tres eixos prioritarios -sustentabilidade, acción social e saúde- así como a comunicación corporativa, relacións institucionais e impulsa a coordinación de estudos de mercado.

PEDRO GONZÁLEZ BOQUETE

Pedro González Boquete é avogado en Santiago de Compostela dende 1988 e dende 2016 é director executivo da mercantil Leite Noso.

ANTÓN ÍNSUA LÓPEZ

Licenciado en CC Económicas pola USC.

Ten unha ampla traxectoria profesional no mundo cooperativo, onde foi xerente de Cidadanía Rede de Aplicacións Sociais S. Coop. Galega durante máis de dezaioito anos, desenvolvendo nela, entre outras, as tarefas de xestión económica (orxamentos, contabilidade e fiscal, control de tesourería, etc) e de todo o relativo aos procedementos de contratación pública.

Así mesmo, foi tamén membro do Consello Reitor e Interventor de Salgueiriños de Vivendas S. Coop. Galega (xa disolta) e na actualidade é secretario do Consello Reitor de Salgueiriños de Consumo S. Coop. Galega.

Tamén é socio colaborador da Rede de Economía Solidaria e Alternativa de Galicia (Reas Gz), onde presta apoio a tarefas de xestión económica.

É socio fundador da sección territorial de Coop57 en Galicia e desde 2019 ademais desempeña as labours de secretaría técnica.

JESÚS ANTONIO MÉNDEZ ÁLVAREZ-CEDRÓN

É licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela. Graduado en Márketing Financeiro pola Escola Superior de Caixas de Aforro.

MBA da Escola de Negocios de Caixanova, ocupou varios cargos de responsabilidade en Caixa Rural Galega ata ser nomeado director xeral, posto que ocupa desde o 1 de xullo de 2008. Paralelamente, na actualidade é conselleiro das sociedades Rural Servicios Informáticos e Rural Grupo Asegurador.

XAIME VARELA SIEIRO

Xaime Varela Sieiro (Agolada) é licenciado en Filoloxía Clásica e Filoloxía Hispánica (sección galego-portugués) pola USC e é doutor en Filoloxía Clásica (programa Estudos medievais) pola mesma universidade. No 2004 diplómase na EPHE de París (Section de sciences historiques et philologique).

Exerce como docente de Lingua e Literatura galega e coordinador do Equipo de Dinamización da Lingua desde 1995 en diversos institutos. Amais foi lector de lingua e literatura na Sorbonne Nouvelle-París III (1996-2001) e profesor de lingua no IE Cañada Blanch de Londres (2010-2015), onde creou e desenvolveu nas aulas e nas redes sociais o proxecto Galego en Londres, Premio da Cultura (2019) na súa modalidade de «Proxección no exterior».

No eido da investigación tense ocupado en diversas publicacións do léxico da documentación altomedieval de Galicia e do asociacionismo e da produción cultural galega en Francia e no Reino Unido. A nivel local é membro do colectivo Baluarte dos Pendellos para a defensa e rehabilitación das construcións do antigo recinto feiral de Agolada.

CAROLINA SÁNCHEZ SANZ

Membro da Asociación ESPIGA dende 2013.

Restauradora-Conservadora de Patrimonio Cultural coas especialidades en arqueoloxía e bens inmobles tamén é graduada recentemente en Paisaxe.

Ten ampla experiencia no ámbito da bioconstrución e da rehabilitación con materiais naturais. Traballa sobre todo na aplicación de enlucidos de cal e arxila e na recuperación de revestimentos tradicionais.

FRANCISCO XABIER ALMUÍÑA

Cofundador da Casa do Romualdo e presidente da Asociación Ribeira Sacra Rural. En 2020, entra a formar parte da Directiva de Fegatur, Federación Galega de Turismo Rural, como presidente.

XOSÉ LOIS LAMAZARES

Licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago (1990) e Máster en Desenvolvemento Local (IDEGA 1993-1994).

Actividade de asesoría e formación (1992-2000): empresas de Economía Social, Emprendemento e Desenvolvemento local.

Técnico de Desenvolvemento Local no Concello de Pontevedra (2000-2005).

Socio promotor e fundador de Daveiga, encargándose da Coordinación Xeral do proxecto dende xaneiro de 2005 até a actualidade.

MANUEL MASEDA

Aprende a tocar o acordeón por xenética. Foi o seu pai quen o encarreirou no mundo da música en Burela e tamén no xeito de vivila intensamente.

No seu estilo musical está sempre viva, como feito diferencial, a enerxía da música en directo. Os seus estudos musicais profesionais de solfexo, piano e canto realízaos no Conservatorio de Santiago de Compostela, cidade na que tamén cursará a diplomatura en Educación Musical e na que actualmente mora. Máis tarde complementará en Salamanca a súa formación académica coa Licenciatura en Historia e Ciencias da Música. Exerceu como director do IES Maximino Romero de Lema (Baio, Zas) durante oito anos e na actualidade ten destino no IES do Milladoiro como docente de música.

A pesar de tocar varios instrumentos, é o acordeón o seu símbolo de identidade, en torno ao que xira todo o seu discurso musical. Isto levouno a formar hai anos o dúo chamado Serra-lhe aí!!! que posteriormente se transformou nunha grande familia musical. Foi tamén membro fundador do grupo Fiandola e Taghaitaí, nos que a música tradicional son esencialmente a canle de comunicación escénica.

Tamén experimentou unha interesante etapa compositiva e interpretativa cos Diplomáticos de Montealto como vocalista, acordeonista e saxofonista. Compuxo e gravou temas con Guadi Galego, Sés, Lamatumbá, O Sonoro Maxín... entre outras. As súas inquedanzas lévano tamén ao mundo da creación audiovisual de documentarios e á produción musical.

Leva anos traballando no *Proxecto Regueifesta*, no que tenta -xunto con Séchu Sende- levar o mundo da improvisación oral en verso ás aulas do sistema educativo público. Un proxecto de dinamización lingüística a través do activismo social e educativo que nos últimos anos medrou dun xeito imparábel. Na actualidade está a traballar no proxecto educativo *Ao son da nosa música*, un camiño para tecer pontes de encontro entre o mundo artístico en galego e o ensino público.

MAGO TETO

Mago Teto (Viana do Bolo-Galicia) (1977)

O Mago Teto é un dos magos máis veteranos e relevantes de Galicia.

Habitual na televisión desde os seus comezos, goza de gran popularidade e recoñecemento. Ademais, falamos dun mago con espectáculos de rúa (como *O Afiador* ou *Alquimia*) ou de gran formato para teatros (*A Maxia da Santa Compañía*, *Os anos 80*, *Íntimo* e *Ultreia, ao final do camiño estás ti*) e todoterreos como o seus clásicos *Tolemaxias* e *Perto de Ti*.

Actualmente está a presentar o seu novo espectáculo *Rock 'n' Magic*, onde se fusiona a maxia e a música en directo.

Coorganizador de festivais de maxia en varios puntos do estado español.

Teto é un dos perfís máis completos e orixinais da maxia polo seu humor, personalidade e nivel técnico.